GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PAISAXÍSTICAS NA TERRA CHÁ

GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PAISAXÍSTICAS NA TERRA CHÁ

PRÓLOGO

Terriña, ...a nosa!, dicía Antón de Bernaldo.

Esta, que foi unha expresión segura e reiterada en cada retorno, nas ducias de ingresos hospitalarios de noso Pai cando volvía á súa casiña; e penso que en esencia é unha mostra do sentimento que a paisaxe é para cada un de nós: e para cada un distinta, mais non tanto; porque define aqueles elementos da contorna que conseguen o apego da persoa ao universo onde se desenvolve.

Sabemos que a terra é sempre pura.
A terra é mais que o home:
permanece inviolada anque ferida
e danos a cada ún de nós
un xeito de vida verdadeiro.
A terra ábrese amorosa e refléxase
na doce claridade dos nosos ollos
e métese, amorosa,
na escura imprecisión do noso ser
dándolle sentido
á beleza mortal do noso espíritu.
O home pasa e a terra permanece.
.....
Sei que, quen busca
a verdadeira luz pró seu camiño
percura o centileo
do inefable que hai sobor da terra.

Manuel María

Entender que a Paisaxe non é única, nin medible cuantitativa nin cualitativamente, senón un conxunto de elementos, é entender que a paisaxe é persoal e intransferible, que cada quen ten o seu camiño, as súas paisaxes, e que todos eles/as son para andar, é "conditio sine qua non", para protexer e conservar a nosa contorna.

Penso que o home deixa pegada no seu camiñar, e que é unha empresa imposible e fútil pretender conservar cada pegada; pero tamén penso que a sociedade que esquece ou renega do seu pasado non ten futuro, e que na medida do posible debemos ás xeracións vindeiras a responsabilidade de conservar e coidar aqueles aspectos máis senlleiros e representativos que a ansia dun futuro mellor nos permite transmitir.

Creo firmemente no home, na súa capacidade de superación e de aprendizaxe, e sinceramente penso, que calquera tempo futuro será mellor, aínda que moitas

veces deamos pasos atrás. A historia e os índices de desenvolvemento, de cantidade e calidade de vida, corroboran esta sensación. A humanidade non parou de avanzar.

As nosas paisaxes máis entrañables son centros de significado, pois ademais de seren o produto das interaccións de chans, clima, topografía, coberturas vexetais, fauna nativa e historia xeolóxica, son tamén a encarnación das aspiracións de quen medrou nelas, ou produto do seu traballo e da resposta cultural dun xeito distinto de ver ou mundo.

En cada proceso de construción social das paisaxes, seguramente moitos dous seus atributos orixinais desapareceron, algúns foron substituídos por elementos importados e co andar do tempo, novas dinámicas ecolóxicas alcanzaron algún grao de estabilidade que alimentou o sentido de lugar dos poboadores.

Non se trata de facer unha defensa sen concesións das paisaxes rurais intactas, polas que a historia parece non transitar, nin de impedir que recoñezamos as oportunidades que elas ofertan para o desenvolvemento económico e social dos seus poboadores e do país en xeral, pero si vale a pena ter claro que estes lugares son moito máis que simples espazos de recreación, pois a súa existencia permite manter as claves máis profundas das identidades rexionais que nos caracterizan. O que resulta non avaliable nun mundo que se homoxeneiza a pasos axigantados, pois ofrece un abanico de posibilidades de restablecer a conexión da sociedade cos atributos ecolóxicos que sustentan ou seu patrimonio natural e construír modelos de benestar e desenvolvemento que respondan a formas conscientes e responsables de apropiación do territorio.

Unha das características máis peculiares de Galicia é a de ser un país de paisaxes. Unha singularidade que se sinala como factor determinante dunha alta variedade de formas de vida por unidade de área.

Así mesmo, esta característica é responsable doutro elemento patrimonial que damos por sentado, as identidades territoriais afincadas en paisaxes que representan distintas formas de relacionarse coa contorna, produto de séculos de historia de diferenciación rexional dos galegos.

O meu sincero agradecemento a tódolos participes nesta obra: á Fundación Juana de Vega e a súa Escola Galega da Paisaxe, e aos profesionais que alí traballan.

Quero ter un recoñecemento e gratitude especial a Mario Saavedra Pérez, colaborador desinteresado e entusiasta deste proxecto, que fixo co seu apoio que isto fose posible.

Moitas grazas.

Severiano Ónega Ares
Secretario do Padroado da Fundación Blas de Ponte de Outeiro

PRÓLOGO

Se aprender a ver as obras de arte aumenta o pracer de vivir, en que medida aumentará ese pracer se aprendemos a ver a beleza que nos rodea no cotiá?

Coñecer a riqueza da nosa paisaxe, da contorna na que vivimos, é a primeira condición para poder apreciar a súa beleza. Por iso, esta "Guía de Boas Prácticas Paisaxísticas na Terra Chá" ocúpase inicialmente de estudar e de clasificar as diferentes características desta paisaxe. Este traballo inicial é fundamental na zona estudada, xa que, como acontece no resto de Galicia, non é unha zona homoxénea, senón que está formada por paisaxes mínimas e diferenciadas, que teñen elementos comúns que a articulan. O estudo destes elementos é unha condición indispensable para facer propostas de boas prácticas nas intervencións que os humanos facemos a cotío na paisaxe que nos rodea polo simple feito de vivir nela.

O coidado da paisaxe correspóndenos a todos, a toda a sociedade sen excepción, e isto é o que trata de poñer en valor esta Guía, que xurde da preocupación dunha entidade privada, a Fundación Blas de Ponte de Outeiro, que consciente desta necesidade, pon a disposición dos habitantes da Terra Chá, en colaboración coa Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega, unha ferramenta útil para avanzar nesta labor común de conservación, protección e posta en valor da paisaxe da contorna, co fin de contribuír á mellora da calidade de vida dos habitantes da zona.

Isabel Aguirre de Urcola
Directora da Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega

ÍNDICE

INTRODUCIÓN 9

OBXECTIVOS E COMPOSICIÓN DA GUÍA 15

1- CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE DA TERRA CHÁ 19
- 1.1- As claves de índole natural 22
- 1.2- As claves de índole cultural 25
- 1.3- As condicións perceptivas 34

2- BOAS PRÁCTICAS NA PAISAXE DA TERRA CHÁ 37
- 2.1- BOAS PRÁCTICAS NOS CAMIÑOS E ESTRADAS 38
  - 2.1.1- Nos camiños 38
  - 2.1.2- Nas estradas 41
- 2.2- BOAS PRÁCTICAS NA VIVENDA E EDIFICACIÓNS AUXILIARES 44
  - 2.2.1- Na contorna da vivenda 46
  - 2.2.2- Na propia vivenda 48
  - 2.2.3- As edificacións auxiliares 52
- 2.3- BOAS PRÁCTICAS NAS INSTALACIÓNS AGRÍCOLAS E INDUSTRIAIS 54
  - 2.3.1- Elección do emprazamento 55
  - 2.3.2- Deseño e construción da edificación agrícola 58
  - 2.3.3- Pautas de aplicación cromática 59
  - 2.3.4- As construcións auxiliares 60
  - 2.3.5- Utilizando a vexetación como elemento de integración 60
- 2.4- BOAS PRÁCTICAS NOS VALADOS 62
  - 2.4.1- Tipos de valados 64
  - 2.4.2- Tendencias actuais e obxectivos de calidade 66

3- DECÁLOGO DE BOAS PRÁCTICAS 67

4- ANEXOS
- 4.1- ANEXO VEXETACIÓN RECOMENDADA 71
  - 4.1.1- Árbores 73
  - 4.1.2- Vexetación arbustiva 75
- 4.2- MATERIAIS DE CONSTRUCIÓN 76
  - 4.2.1- Pavimentos exteriores 76
  - 4.2.2- Materiais nas edificacións 77
- 4.3- LIGAZÓNS DE INTERESE 78

5- BIBLIOGRAFÍA 80

Plano Galicia Norte 1853. Alabern y Mabón

INTRODUCIÓN



Río Azúmara en Castro de Rei.
Foto Eladio Cortizo

Galicia conta cunha grande e ben recoñecida riqueza paisaxística. A súa situación xeográfica, a contrastada morfoloxía, os milleiros de ríos que sucan este territorio, o variado mosaico litolóxico e climático, e unha importante diversidade biolóxica, configuran unha riqueza paisaxística única e irrepetible.

Todos estes elementos son causa e razón dos grandes areais, esteiros, rías, cantís e sistemas de dunas nas costas litorais; de amplos vales ou valiñas e valgadas a través da extensa rede fluvial; de penachairas altas ou de baixas chairas terciarias e cuaternarias; de cumios, lombas, serras e montes, que nunha secuencia aparentemente interminable van configurando cunha personalidade propia e inesquecible, unhas paisaxes dunha indubidable beleza e valor.

A especial morfoloxía deste territorio fixo que as persoas vivisen estreitamente relacionadas coa terra dun xeito íntimo e sen parangón na xeografía peninsular. Asentados en milleiros de lugares que constitúen practicamente a metade dos existentes no Estado español, a agricultura, como actividade secular, incidiu de xeito diferenciado sobre o territorio, construíndo paisaxes singulares con diferente grao de desenvolvemento, xerando de vez paisaxes culturais de extraordinario valor e que son o reflexo da nosa identidade.

Lagoa de Fonmiñá

A situación actual da paisaxe galega, derivada dunha mudanza súbita nos usos e nos costumes das xentes a partir do tardío desenvolvemento socioeconómico no século XX, ten como consecuencia unha forte degradación das paisaxes en áreas concretas do noso territorio. A dinámica demográfica, os cambios nos usos do solo, o abandono de moitas áreas rurais e a presenza de novas actividades económicas motivou a progresiva e diferencial transformación territorial, xerando profundos cambios nas paisaxes coa perda de importantes valores naturais e culturais.

A importancia e a preocupación pola conservación e preservación das nosas paisaxes é crecente en toda Europa, motivo polo cal en outubro do ano 2000 asínase en Florencia o Convenio Europeo da Paisaxe:

"Os Estados Membros do Consello de Europa, asinantes do presente Convenio, considerando que o obxectivo do Consello de Europa é alcanzar unha unión máis estreita entre os seus membros coa fin de salvagardar e promover os ideais e principios que son o seu patrimonio común, e que este obxectivo se persegue en particular mediante a celebración de acordos nos campos económico e social; preocupados por alcanzar un desenvolvemento sostible baseado nunha relación equilibrada e harmoniosa entre as necesidades sociais, a economía e o ambiente; tomando nota de que a paisaxe desempeña un papel importante de interese xeral nos campos cultural, ecolóxico, ambiental e social, e que constitúe un recurso favorable para a actividade económica e que a súa protección, xestión e ordenación poden contribuír á creación do emprego. Conscientes de que a paisaxe contribúe á formación das culturas locais e que é un compoñente fundamental do patrimonio natural e cultural europeo, que contribúe ao benestar dos seres humanos e á consolidación da identidade europea. Recoñecendo que a paisaxe é un elemento importante da calidade de vida das poboacións en todas partes: nos medios urbanos e rurais, nas zonas degradadas e de gran calidade, nos espazos de recoñecida beleza excepcional e nos máis cotiáns. … Desexosos de responder á aspiración xeral de gozar de paisaxes de gran calidade e de participar activamente no desenvolvemento das paisaxes.
Convencidos de que a paisaxe é un elemento clave do benestar individual e social e de que a súa protección, xestión e ordenación implican dereitos e responsabilidades para todos. … Desexosos de establecer un novo instrumento consagrado exclusivamente á protección, xestión e ordenación de todas as paisaxes de Europa..."

A partir deste momento as políticas europeas en materia de paisaxe e ordenación do territorio terán como obxectivos promover a protección, xestión e ordenación das paisaxes, así como organizar a cooperación europea neste campo.

Porén unha vez que a paisaxe é asumida politicamente, e se lle dota do oportuno recoñecemento xurídico, ponse en marcha un proceso que, como se indica no convenio Europeo da Paisaxe, conta coas seguintes etapas fundamentais, antesala de toda acción paisaxística:

A paisaxe vincula ó home, a natureza e a cultura co pasado, presente e futuro, e aínda que as percepcións poidan diferir, a paisaxe impórtanos a todos

- O coñecemento das paisaxes, desglosado nas tres áreas de identificación, caracterización e cualificación.
- Formulación de obxectivos de calidade paisaxística.
- Posta en práctica destes obxectivos mediante accións de protección, xestión e ordenación da paisaxe no tempo, distinguindo entre medidas e accións excepcionais e medidas e accións ordinarias.
- Seguimento das transformacións, avaliación dos seus efectos e posible reformulación de opcións.

Río Miño

En Galicia, a publicación no ano 2008 da Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galicia conforme as disposicións do Convenio Europeo da Paisaxe, pretende recoñecer xuridicamente a paisaxe e promover políticas vinculadas a ela, entendendo a paisaxe como "elemento esencial para o benestar individual e social, cuxa protección, xestión e planeamento comporta dereitos e obrigas para todos", tal como define o devandito Convenio Europeo da Paisaxe.

Co fin de colaborar na divulgación, valorización e preservación da paisaxe nesta zona da Terra Chá, a Fundación Blas de Ponte de Outeiro xunto coa Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega veñen de redactar a presente Guía de Boas Prácticas Paisaxísticas que se concibe como un conxunto de recomendacións flexibles e orientacións que axuden a un mellor desenvolvemento da paisaxe rural, empregando prioritariamente os recursos derivados do lugar.

Ollada a Terra Chá dende as alturas
é semellante a un mar en calma.
Pra medila só valen dúas mensuras:
¡Ferrados de corazón, fanegas de alma!

Manuel María

OBXECTIVOS

As paisaxes agrarias están actualmente sometidas a rápidos e intensos procesos de cambio derivados dunha variada problemática: por unha banda o abandono de certas prácticas agrícolas e a deterioración do patrimonio construído tradicional, e por outra débese a procesos externos como é a perda de espazo agrícola polo aumento das urbanizacións de baixa densidade.

En xeral estamos a perder progresivamente a imaxe de espazo rural, xurdindo unha amalgama de espazos abertos e construídos cunha imaxe banal que os veciños non senten como propia. Neste escenario de perda de claridade, identidade e calidade da paisaxe rural tradicional, semella pertinente tomar medidas cara á protección, valorización e mellora das nosas paisaxes rurais agrarias.

O Convenio Europeo da Paisaxe define PAISAXE como:

> "calquera parte do territorio tal como a percibe a poboación, o seu carácter será o resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos".

O seu grande desafío parte da importancia de vincular á poboación na defensa e protección da paisaxe, considerando que a paisaxe é un elemento fundamental na calidade de vida das persoas e por iso tamén debe ser o reflexo fiel dun territorio e dun medio ambiente de calidade, dunha sociedade moderna e consciente da importancia do seu patrimonio natural e cultural, que vive en relación harmónica co medio, onde primen o uso racional do territorio, o aproveitamento sostible dos seus recursos, un desenvolvemento urbanístico respectuoso e o recoñecemento das funcións principais que xogan os ecosistemas naturais.

Fonmiñá. Foto JPPaz

Esta guía proponse aproximar á poboación da Terra Chá á súa paisaxe, descubrir con ela o seu valor e redactar unhas recomendacións que axuden a un desenvolvemento sostible do medio rural e á súa mellora paisaxística, contribuíndo á revitalización patrimonial e socioeconómica da contorna.

Entre os seus **obxectivos** están:

- Atopar o **equilibrio** entre o desenvolvemento e a conservación dun valioso patrimonio tradicional e natural.

- Acadar a **integración harmoniosa** do conxunto, onde as edificacións, cultivos e espazo público poidan ser lidas como unha unidade.

- **Entender as especificidades** da paisaxe da zona, e a súa relación cos elementos construídos.

- **Ofrecer alternativas** a modos de intervención habituais que contribúen a unha deterioración ambiental do medio rural.

Agras en Reigosa

A guía organízase en catro bloques:

1- Caracterización da paisaxe

Trátase de describir os aspectos fundamentais da paisaxe do ámbito, resaltando aqueles que cómpre preservar e/ou poñer en valor, dando a coñecer cal é a orixe e razón da configuración das paisaxes que chegan ós nosos días, e como asentarse nelas evitando intervencións alleas ou problemáticas para a contorna.

2-Guía de boas prácticas

Este bloque céntrase nos modos de intervención e nos tipos de actuacións, ofrecendo criterios básicos, flexibles e de utilidade, tanto para os veciños como para os xestores do territorio agrario, sexan técnicos, agricultores e gandeiros, ou responsables institucionais.

Estrutúrase este bloque arredor das diferentes clases de actuacións:

2.1- As relacionadas cos camiños e estradas
2.2- Coa casa e as súas construcións auxiliares
2.3- Coas edificacións agrícolas ou industriais
2.4- Cos valados no espazo agrario

3-Decálogo de boas prácticas

Nesta sección ofrécese unha síntese das ideas sobre boas prácticas paisaxísticas recollidas na guía, que contribuirán para unha mellora na paisaxe da contorna.

4-Anexos

Recollen información fundamental que non ten cabida nos capítulos, táboas e listaxes de información temática que vén a complementar a funcionalidade da guía.

1- CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE

Segundo a definición da axencia do Patrimonio Natural Escocés (Countryside Agency and Scotish Natural Heritage):

*"**o carácter dunha paisaxe** é o que describe os seus patróns diferenciadores, valiosos e recoñecibles, aqueles que fan que unha paisaxe sexa diferente doutra, non mellor nin peor".*

Unha precisa aproximación ó carácter da paisaxe da comarca de Castro de Rei deíxanola na súa *Guía de Galicia* (Galaxia 1926-1980) o profesor Otero Pedraio:

"A Terra Chá, vasta planicie ondulada, de basamento granítico e xistoso, recuberto de formacións cuaternarias, altura media de 400m e hidrografía indecisa, limítase, na acepción dos naturais da rexión, en gran parte palustre, entre as lentas augas do Miño inicial e o Támboga; é decir, a comarca de Castro de Rei. …

Os prados, agras de centeno, extensos rodales de monte baixo, grandes formacións de blancas bidueiras, os ríos preguizosos, a frecuencia de augas estancadas en lamas, conceden unha severa e clara beleza á Terra Chá, que puidera definirse como unha extensa gándara… Propio dos derrames montañosos e fríos dos altos vales de serra, da Terra Chá, a pálida bidueira de oros otoñales caracteriza a montaña húmida…. Agregando as tribus fluviais e pratenses (salgueiros, alisos álamos e chopos), ó longo das correntes de auga…"



Río Miño

A avaliación do **carácter da paisaxe** constitúe unha ferramenta para identificar a paisaxe na súa singularidade, a través da identificación das súas **claves:** elementos e relacións que permiten descubrir a súa **esencia.** Con este fin cómpre describir a paisaxe da zona e cartografala de modo sistemático.

O coñecemento obxectivo das súas **claves naturais** (dimensión física e material) deberá completarse co estudo das **claves culturais** (aspectos intanxibles e valores culturais vinculados ás sociedades que ó longo do tempo ocuparon e seguen ocupando este lugar). Este coñecemento informado do lugar vainos axudar a propor futuras actuacións.

Porén é preciso atender á caracterización da paisaxe estudando as súas características físicas e tamén as súas dinámicas, considerando o aproveitamento que se fixo deste espazo ó longo da historia, o que nos permitirá comprender a súa configuración e a súa construción.

Muiño no río Azúmara, Bazar

1.1- As claves de índole natural

Teñen unha grande transcendencia os elementos físico-naturais na configuración da paisaxe da comarca de Castro de Rei, basicamente as súas compoñentes xeomorfolóxicas e hidroclimáticas, que xunto coa prolongada participación humana no ámbito xeran a súa específica configuración paisaxística.

A comarca natural caracterízase polo seu escaso relevo, que en poucas ocasións supera os 600m sobre o nivel do mar, salvo nas zonas montañosas da periferia, mentres que as cotas mínimas oscilan ó redor dos 350-380m.

Aséntase sobre unha depresión sedimentaria na que destacan zonas húmidas de diferentes características: ríos de diferente caudal, chairas inundables, e numerosas lagoas entre as que destacan as de Cospeito, Caque, Touzas e Pedroso; así como outras zonas húmidas excepcionais como a Veiga de Pumar ou o Boedo.

- A densa **rede fluvial** ten un excepcional estado de conservación. Ó redor do río Miño articúlanse as principais correntes de auga que discorren pola comarca. En palabras do profesor Ramón Otero Pedraio, a comarca vén caracterizada por

"unha grande indecisión hidrográfica: os estanques ou "illós", os meandros perezosos, as extensas lagoas ou "lamas" indican un peniplano alto de recepción de augas e drenaxe incompleta".



Fonmiñá

Esta rede fluvial caracterízase pola existencia dun máximo invernal e un mínimo estival, de acordo co réxime pluviométrico; entre tanto, a morfoloxía da conca non cambia moito ao longo do seu percorrido, discorrendo nunha altitude media duns 400m, dando lugar a vales cun perfil transversal caracterizado por vertentes de suaves pendentes que apenas alteran a planicie da superficie de erosión.



- Os **aspectos climáticos** da Terra Chá veñen condicionados polos factores xeográficos e físicos da súa contorna. Aínda que ten características propias do clima oceánico, presenta matices de continentalidade, podendo considerar que estamos no dominio oceánico continental. As circundantes cadeas de pequenas montañas obstaculizan as correntes húmidas procedentes do océano e orixinan un descenso das precipitacións anuais que se sitúan ó redor dos 1.200mm.

- Esta paisaxe ten visto recoñecidos os seus valores naturais cun espazo Rede Natura vinculado ós ríos e lagoas que recargan o treito alto do río Miño: o LIC Parga, Ladra, Támoga formando parte fundamental da **Reserva da Biosfera Terras do Miño**, a máis extensa de España, declarada pola UNESCO no ano 2002.

TERRAS DO MIÑO LUGO
RESERVA DA BIOSFERA


Mapa da Reserva da Biosfera Terras do Miño

Populus nigra

Quercus suber

Úlex

Cytisus albus

- A **vexetación existente** vén determinada polo tipo de solo e as características climáticas propias da Chaira Luguesa.

No que se refire ás **especies arbóreas** a vexetación clímax está representada por especies frondosas, como:

carballos (*Quercus Robur)*,
castiñeiros (*Castanea sativa*)
sobreiras (*Quercus suber*),
grupos illados de pradairos (*Acer pseudoplatanus*),
algúns chopos (*Populus nigra*),
bidueiros (*Betula verrucosa*)
e salgueiros *(Salix salviaeafolia*)
ou distintas especies de piñeiro, entre as que destaca o *Pinus pinaster*, algunhas veces asociado con frondosas, principalmente nas zonas más interiores, e outras formando pequenas masas puras.

A **vexetación arbustiva** aparece estendida por toda a comarca. Cabe destacar:
o piorno (*Cytisus albus c. lusitanicus*),
a xesta *(Sarotamus escoparius)*,
a carqueixa (*Paterospartium tridentatum*)
e o toxo *(Ulex)*.

Nalgunhas zonas aínda existen pequenas extensións onde crece libremente o mato herbáceo, predominando os xéneros Ulex e Erica, e o sustrato inferior está formado por gramíneas (*Avena sulcata, Poa trivialis)*, sendo utilizados estes matos para cama de gandos "estrumes de cuadras", co seu posterior aproveitamento como abono orgánico.

1.2- As claves de índole cultural

A UNESCO ten declarado no ano 1997 que as paisaxes culturais representan o traballo conxunto da natureza e o home, e que son ilustrativas da evolución da sociedade humana e dos seus asentamentos ó longo do tempo, baixo a influencia dos condicionantes físicos e as oportunidades da contorna natural.

Se sobresaíntes son os aspectos naturais da paisaxe da comarca, tan significativos son os relacionados coa acción humana ó longo da historia de colonización e aproveitamento deste espazo. As paisaxes da comarca amosan unha grande adaptación ó medio, tal e como se reflicte nas formas de organización agrarias tradicionais e nas prácticas culturais ancestrais.

As primeiras manifestacións prehistóricas da zona corresponden á cultura megalítica (4000 - 1000 a. de C), chegando ós nosos días os monumentos funerarios, ademais doutros restos de menor importancia, xeralmente atopados dentro das propias cámaras mortuorias.

Desta cultura perduran xacementos en Ansemar, Azúmara, Duancos, Duarría, Loentia (onde se atopa o Dolmen de Espiñuca, un dos máis importantes do concello), Ludrio, Pacios, Ribeiras de Lea, etc. practicamente a totalidade destas mámoas foron saqueadas, xa en afastadas épocas.

Castro de Saa

"Estas terras tiveron unha importante ocupación durante o período castrexo, como atestiguan os numerosos castros que hoxe en día se poden observar, ou de aqueles dos que quedan referencias."

(Luis López Pombo)

Gallaecia pasa a formar parte do vasto imperio romano cara ao 19 a. de Cristo, como parte da Lusitania, para daquela ser englobada na Tarraconense, levando iso aparellada unha primeira administración militar e política do noroeste.

Temos que supor cun bo grao de certeza, a xulgar polos indicios existentes, principalmente polos diferentes elementos descubertos no xacemento de **Viladonga,** que en tempos romanos os habitantes destas terras seguiron habitando en número importante os castros. Só no período tardorromano comezaron a despoboarse e iniciaron un novo tipo de hábitat xa fóra dos lugares fortificados, nos que non tiña sentido seguir residindo por teren cambiado as condicións socio-económicas e políticas. Foi a partir de aí que comezaron a construírse as primeiras aldeas en lugares menos accidentados ou mesmo a escasa distancia dos vellos castros, como ocorre en Ludrio.

Castro de Viladonga

Ao longo das primeiras centurias da **Idade Media,** os poboadores destas terras deixan definitivamente as rudas poboacións fortificadas que foran ocupadas durante centos de anos: os castros.

Nacen entón as primeiras "vilas" (pequenas aldeas) e o contexto parroquial comeza, moi lentamente, a tomar vida.

Torre Castro de Rei

Hai que ter en conta as invasións, e mesmo certo tipo de ocupación máis ou menos temporal, realizadas polos árabes cuxa presenza na zona vén referendada dalgún xeito pola abundancia de topónimos entre os que o cóengo Narciso Peiteado Gómez salienta os seguintes: Adea, en Goberno; Acea, en Quintela; Santa Leocadia (equivalente a aldaya); Azúmara (transposición de almuzara, que significa o hipódromo, o estadio); Ardiz (equivalente a engano) en Coea; Bazar (de bazar); Madorra (de mazmorra ou silo) en Ansemar.

Ponte en Duarría

As primeiras manifestacións monacais e, como xa diciamos, das incipientes freguesías, comezarían a tomar corpo agrupando os habitantes en pequenas comunidades.

Plano reconstrución Castro de Rei no medievo

A comarca da Terra Chá tivo até a década dos anos 50/60 extensos páramos de mato herbáceo e toxo, terreos que foron transformados en cultivos e prados coa colonización xurdida nos anos 60, promovida polo Instituto Nacional de Colonización, que se chamou **"Proyecto de Colonización de la Tierra Llana".**

Poboado de colonización

Este proxecto consistiu na ocupación de máis de 3000 hectáreas. A construción de catro poboados, viario e equipamentos, nunha profunda transformación da paisaxe que impón, sobre a sinuosidade da paisaxe existente, unha xeometría cartesiana que ordena a través de liñas rectilíneas viais e canles de rego, creando unha nova paisaxe de vocación agropecuaria.

Acueducto na Pastoriza

Desaparecen os chanzos, os valados de mampostería de xisto, os espazos comunais e as prazas; e os regueiros, balandos e caneiros son substituídos por canles e esclusas de rego, construídas de novo para regar un territorio regado xa de xeito natural. Desecando as zonas húmidas existentes, considerados no tempo insalubres e improdutivas, para a creación de extensos prados.

Efectos da concentración parcelaria
Foto 1956

Foto PNOA 2004

No ano 1979 o xeógrafo francés Abel Bouhier realizou unha caracterización exhaustiva das particulares formas de organización agraria en Galicia, as cales supuxeron unha determinada organización espacial do hábitat humano, e do espazo agrario que se reflicte na presenza de elementos etnográficos característicos (valados, hórreos,…) e das prácticas culturais ancestrais.

Paisaxe en bocage

Este autor distinguiu dous tipos de organización agraria na comarca que nos ocupa:

- Un **bocage:** pequenas parcelas rodeadas de muros e sebes nas ladeiras das montañas setentrionais.
- **As agras**: grandes extensións de cultivo cun único peche perimetral, divididas no seu interior en leiras abertas.

O espazo agrario ocupaba unha superficie reducida e estaba rodeado por grandes extensións de monte, presentando como peche exterior un valado de terra, e ás veces, divisións interiores con sebes independizaban as leiras.

Paisaxe de agras

A arquitectura tradicional da comarca vén influenciada por condicionantes climáticos favorables: topografía pouco accidentada, boas comunicacións e unha economía baseada nos bos resultados gandeiros. O resultado é a arquitectura galega con edificacións máis amplas, caracterizada por unha vivenda cun corpo único de grandes dimensións, con dous andares rectangulares ou cadrados ben definidos: a planta baixa adoitaba estar ocupada polas cortes e a cociña e a planta superior cunha solaina na fachada meridional, un comedor, varias habitacións e a despensa. O material de construción utilizado de xeito xeneralizado é o xisto.

Existen unha serie de construcións adxectivas ligadas á arquitectura tradicional que caracterizan estas paisaxes culturais de tipo agrario, sendo unha das máis destacables o hórreo.

- O **hórreo** é unha construción agraria destinada a garda-los produtos do campo en xeral, e fundamentalmente para desecar e almacena-los cereais, protexéndoos dos roedores. A súa orixe é, segundo diversosestudos, con toda probabilidade prerromana.

Nesta zona o tipo de hórreo característico e o hórreo de madeira tipo Vilalba, que se asenta sobre cepas macizas. É un hórreo de pequeno tamaño cunha cámara estreita e alta, que conta cunha pequena galería cuberta na entrada.

O abandono da actividade agraria supón a perda de funcionalidade destas construcións tan orixinais, e polo tanto, ameaza a deterioración e desaparición destes elementos característicos da paisaxe rural, posto xa de manifesto nun Decreto de protección sobre os hórreos galegos e asturianos de 1973.

No territorio para o que se desenvolve esta guía aséntase numerosa poboación portadora dun legado de coñecemento transmitido ó longo da historia, froito da interrelación entre a poboación e o seu medio.

O río Miño e a auga, estruturantes deste territorio, agochan multitude de elementos construídos vinculados a ese legado cultural que forman parte importante da paisaxe da zona e que cómpre coidar e preservar, como son:

- **Caneiros**: pequenas construcións artesanais datadas na Idade Media, construídas transversalmente ó curso dos ríos. A súa función era a pesca de anguías mediante a condución da auga cara ás artes de pesca onde eran capturadas (redotes, trasmallos, rateles…).

Caneiro

- **Muíños** de cereais, serras, ferrerías, pedras de afiar … accionados a través da forza motriz da auga. O grande número de ríos e regatos que bañan estas terras proporcionan forza para move-los rodicios dos muíños, en outros tempos innumerables e imprescindibles na economía do cereal do pasado e na riqueza ecolóxica e turística presente e futura.

- Os sistemas de paso sobre as canles de auga son numerosas. Entre eles atopamos os **pasos** (pedras no río ou regato cando é estreito), **portos ou vados** (zonas do río con pouca profundidade para pasar a pe), **pontellas e pontes.**

Ponte en Duarría

- Técnicas de rega, utilizando **pequenas canles** superficiais ou regas para conducir a auga ás leiras.

Canle de rega

Ó longo dos ríos recóllese tamén unha rica tradición oral, que supón un xeito de transmitir os saberes tradicionais que evolucionaron demostrando a súa validez ó longo dos tempos. Tamén se transmiten formas particulares de saber facer nas numerosas feiras locais, onde se pode degustar a gastronomía local tradicional, así como a súa variada artesanía: cestería, oleicultura, e vestimenta (liño ou coiro).

Todos estes usos permitiron a conservación da riqueza natural asociada, ó mesmo tempo que se realizaba unha explotación tradicional sostible.

Meda

Un exemplo das festas organizadas arredor da recuperación dun traballo tradicional constitúeo a Festa da Malla que organiza cada ano a Asociación de Amigos da Feira de Castro de Rei, na carballeira de Castro de Rei. O fin deste tipo de festas é o de recordar aqueles xeitos de facer, e recuperalos como un acontecemento da memoria que reúne os veciños e atrae os visitantes.

Festa da Malla en Castro de Rei

Ademais dos valores culturais vinculados ó uso da terra, a comarca conta cun importante patrimonio cultural construído, dentro do cal habería que destacar o arqueolóxico, co castro e museo de Viladonga, outra serie de castros como o de Sá, mámoas, medoñas, túmulos, e restos da civilización romana; construcións pertencentes á arquitectura civil como torres medievais, pazos, e ademais do comentado vasto patrimonio popular en forma de muíños, hórreos, cristos e petos de ánimas, ademais do patrimonio vinculado ó camiño de Santiago.

Cristo

1.3- Condicións perceptivas

A topografía suave, percorrida pola traza sinuosa dunha profusa rede hidrográfica vai marcando unha paisaxe na que se suceden os campos pechados de agras, moitas veces delimitados por liñas de arboredo que enlazan co bosque de ribeira que acompaña aos cursos fluviais e ás masas forestais.

Esta sinuosidade natural contrasta coa desecación das áreas húmidas e a implantación dunha malla cartesiana xerada coa colonización, que ordena, a través de vías rectilíneas e canais de rego, unha nova paisaxe de vocación agropecuaria que intercala retallos xeométricos de bosque.

A **paisaxe** que nos atopamos dista moito daquelas zonas boscosas, bosques frondosos que cubrían a comarca da Terra Chá. A procura dunha mellora económica substituíu os bosques caducifolios por madeira de produción e extensas praderías e pasteiros, limitando a presenza de especies arbóreas tradicionais a comunidades pequenas e illadas.

Na actualidade obsérvase na zona unha importante redución dos bosques autóctonos, unha importante diminución de vexetación de ribeira así como unha reducida presenza de vexetación acompañando os camiños.

Terra Chá que vas ao lonxe
antre petoutos esquíos,
que ledicia Terra Chá
a dos teus longos camiños

que ledicia o vento Norte
que riza as augas do río,
que ledicia os catro ventos
feitos de anchos remuíños.

E vos fragas bravas, puras
e vos toxales amigos
e vos brancas abedoeiras
todos eternos amigos…

Terra Chá de longo ceo
Terra Chá de longos ríos
Terra Chá de longos vrans
Terra Chá de longos fríos.

Longa Terra Chá de ventos,
longa Terra Chá de ríos
¡Forte e brava, Terra Chá
Ledicia do vello Miño!

Darío Xohán Cabana

O CARBALLO DE LUXÍS

É un carballo avó, de centos de anos
Abrigo e honor da casa de Luxís.
É un dos millor feitos e máis sanos
E máis grandes que medran no país.

Non o abrazan tres homes. Unhas canas
Largas e gordas como troncos ten.
¡Ben se lle ve que enraizou con ganas
De chegar algún día a ser alguén!

Do sol non pode nin siquera un fio
Romper aquela folla tan tupida.
Á súa sombra non se sinte o estío.
O seu frescor é un frescor de vida.

Está gardando a vella casa nobre,
O pazo de Luxís – que así se chama-.
Alí naceu e medra aínda e cobre
máis dun tego de terra coa súa rama.

Ás veces fala como o que aloumiña,
Cos seus miles de lenguas chachabellas.
Marmura, ben seguro, en voz baixiña,
Vellos contos de mozas e de vellas.

Ou quizabes pola alma dos velliños
Que se foron da casa, rezará…;
Pola alma dos petrucios difuntiños
Dos que el endexamais se esquencerá.

Outras veces semella un gran xigante
Na voz que deixa oír, ronca e potente.
É coma un aristócrata: arrogante.
É coma un héroe mítico: impoñente.

Por eso toda a xente no camiño
Se para a mirar para el con reverencia.
É que gozan con velo, por cariño;
Que lle teñen respeto, por concencia.

E sábese que cando se finou
o señor derradeiro do lugar,
falando do carballo, así falou:
"É o vello amigo deste vello Lar.

Segundo o respetaron vosos país
Así quero tamén que o respetedes.
Non se lle corte cana endexamais.
Nunca escamoucado foi:
Non o esmouquedes".

Xosé Crecente Vega

2- GUíA DE BOAS PRÁCTICAS

2.1- BOAS PRÁCTICAS NOS CAMIÑOS E ESTRADAS

2.1.1- Nos camiños

O **camiño** é unha importante forma de aproximación ao coñecemento do medio rural e dos seus valores, e contribúe á integración da poboación local cos visitantes.

A mellora da paisaxe dos **camiños históricos** e a súa contorna, e a súa posta en valor como paseos paisaxísticos, permiten mostrar o patrimonio, a riqueza sociocultural da contorna e a beleza do soporte natural. Os percorridos permiten ó visitante atopar e ir descubrindo todos estes valores.

O ocio, vinculado á sociedade na que vivimos, supón a recuperación do contacto coa natureza e co mundo rural desde o respecto polo medio, o que leva parello a aparición e desenvolvemento de novas actividades lúdicas e deportivas entre as que se encontra o sendeirismo, que permite conxugar as esixencias turísticas e do medioambiente de forma harmónica.

Existen na contorna varias rutas de sendeirismo que funcionan como polos de actividade turística:

- Ruta das Augas. Baltar
- Ruta da Escrita.
- Ruta do Azúmara.

Estas rutas confluúen nos camiños históricos, é por iso que será importante a mellora destes puntos de encontro, así como a súa sinalización.
É importante vincular o camiño a pequenos equipamentos ou instalacións hoteleiras ou de restauración e venda de productos locais, que sempre estarán adaptadas ó medio natural e humano, e que suporán unha fonte de riqueza para a contorna.

A traza dos **camiños históricos** garda unha importante relación coa súa contorna inmediata, o espazo do camiño é o seu ámbito paisaxístico, podendo variar desde o mesmo bordo do camiño ata varios centos de metros.

A presenza dos ríos e a vexetación arbórea que acompaña os camiños delimita áreas de visión, que xunto coa topografía e os elementos tradicionais que se atopan na contorna do camiño delimitan o ámbito paisaxístico que debemos coidar e valorizar.

RUTA DO AZÚMARA



Canal de Rega na Pastoriza

Ponte en Duarría

O **Camiño Real** constitúe un elemento patrimonial importante na comarca, trátase dunha vía secundaria dentro do esquema vial romano, e aínda que non aparece recollido en ningunha das grandes recompilacións como a de Antonino, non é impedimento para o recoñecemento como tal, avalado polas investigacións de importantes estudosos sobre o tema, entre eles, Elisa Ferreira Priegue:

"A Meira se podía ir por dos caminos principales. El más directo es "illa verea que vadit per ad Villa Plana", que aparece en el documento de 1027 anteriormente reproducido. Es una posible calzada romana que va por Pedreda, Vilachá, pasando entre Rubiás y Labio y el castro Falez, y que sigue por los castros de Casariño, Duancos, Lousada, Mondrid, Ludio, cruza el castro romanizado de Viladonga y el campamento romano de Andión y por San Lorenzo de Torneiro, Villagilde y S. Andrés de Ferreirós a empalmar con un camino que venía de la ribera de Lea dirigiéndose por él a Meira.
El otro camino era otra "antiqua vereda" que iba a Benade… se dirigía por entre Sobrada y Duarría, pasando cerca del castro romanizado y después castillo, de Castrillón a Riberas de Lea y Triabá, donde empalmaba con el camino que venía del puente de Bestar y Villalba. Este camino seguía por Santiago de Juntas, S. Payo de Beján, Pedralba, pasa cerca de Sta Leocadia de Castro de Rei y por Sandamil, por donde se señala en 1300 una "carreyra antigoa", y donde cruza el Azúmara por un puente. De allí salía un camino para la puebla de Castro de Rei, que seguía por Constanza. El camino de Meira seguía por Penelas, Cubelo el "porto" de Espiñeira que aparece citado en una demarcación del coto de Meira de 1184, sigue por el "porto" de Vilar y por Pousada, donde en 1220 se registra esta "via que ducit ad Penellam" y por Vilagromar, donde le llaman "la antigua", pasa por Parajes y por Río Cabo, donde en 1214 se pasaba el río por un "ponte sive portum", llegando a Meira"

2.1.2- Nas estradas

A relación entre as infraestruturas viarias e a paisaxe pódese establecer desde dúas ópticas, en función da localización relativa do espectador: como observador externo ou como usuario da vía.

- A **observación da vía desde o exterior** permite percibir o grao de integración desta no territorio. Se esta integración é boa, as vías pasan a formar parte da paisaxe como unha compoñente máis.

Os principais impactos paisaxísticos que producen este tipo de infraestruturas son:

- Intrerrupción visual e discordante coa contorna.
- Efecto barreira e fragmentación, illando partes do territorio.
- Artificialización. Grande contraste que se produce sobre todo nas paisaxes rurais.
- Perda de vexetación afectada polo trazado da vía e espazos vinculados a ela.

A integración paisaxística das infraestruturas debe priorizar o mantemento e recuperación dos valores da paisaxe precedente, dotando as vías dun carácter significativo e procurando a creación de paisaxes de calidade, contribuíndo, ademais, a coser aqueles tecidos fragmentados e recuperando a relación entre núcleos.

Grandes cruces dificultan o tránsito peonil

Ponte de Outeiro

- A observación da paisaxe desde a vía permite apreciar os elementos dominantes (naturais, históricos e culturais) que caracterizan e estruturan a paisaxe deste territorio. Virá condicionada polas características da propia vía, velocidade, e tipo de tráfico, constituíndo unha cuestión importante na paisaxe perceptiva e na relación do viario cos asentamentos de poboación. Isto implica a necesidade de coidar os xeitos de achegarse ós nucleos, prestando atención a cuestións como:

- A perceptibilidade do núcleo e a súa calidade estética, tomando como referencia a amplitude da cunca visual, horizontal e vertical, e a profundidade da escea, non debendo obstaculizar ou pechar os fondos escénicos.
- As características dos accesos.

Estrada, Ponte de Outeiro

En referencia á calidade paisaxística da escena que se percibe desde a estrada é importante diferenciar os elementos destacables, e cal é a súa manifestación formal e o fondo, se son elementos xeralmente identificables pola poboación local, e se contribúen para a identificación do carácter da paisaxe da zona (muíños, canais, arboredo singular,…)

Fotomontaxe Estrada, Ponte de Outeiro

Unha importante ferramenta para a mellora da paisaxe é a utilización adecuada dos materiais e o emprego da **vexetación** para conseguir:

- O control visual, que permite crear barreiras para ocultar espazos deteriorados ou de grande impacto, fondos escénicos e enmarcar fitos.
- Control de factores climáticos (vento, sol e sombra)
- Unificar e integrar elementos arquitectónicos.

O **uso da vexetación acompañando á vía** axuda a reducir a contundencia da mesma. O tipo de vexetación elixida deberá ser autóctona, que é aquela propia do lugar, e por tanto mellor integrada segundo as súas condicións climáticas, edáficas, paisaxísticas e de mantemento.

Os espazos suxeridos para a plantación son moi variados: acompañamento nos bordos da vía, medianas, rotondas, aparcadoiros,...

Estado actual estrada sin árbores

Simulación, a mesma estrada con arboredo de acompañamento

2.2- BOAS PRÁCTICAS NA VIVENDA E NAS SÚAS EDIFICACIÓNS AUXILIARES

A paisaxe na que vivimos é o resultado da acción do home. Non podemos esquecer que os nosos devanceiros foron os que de forma anónima ocuparon e conformaron o territorio para conseguir abrigo, alimento e toda sorte de recursos, tecendo ó longo da historia, a nosa identidade.

Foto Manuel Caamaño

O poboamento da Terra Chá fundaméntase nunha ocupación do espazo sumamente dispersa ó longo dun territorio de suave relevo, onde van xurdindo, a escasa distancia uns dos outros, todo un conxunto de lugares configurados por un número moi pequeno de vivendas ou granxas illadas, agrupadas en barrios. O escritor Manuel María (1967) expresouno así:

A Terra Chá somente é: un pobo aquí, outro acolá,
Mil arbres, monte raso,
Un ceio chumbo e tráxico
No que andan as aves a voar.
O resto é soedá

Ponte de Outeiro

Estes lugares conéctanse entre si mediante unha rede de camiños en estrela dando lugar a un barrio, que resulta dun conxunto de entidades con predominio de espazo agrario intercalado e ocupando unha ampla extensión de solo.

Por outra banda, a suavidade do relevo, o clima, a facilidade de comunicación a través dunha tranquila rede de camiños, e a idoneidade das terras para o seu aproveitamento como praderías de uso gandeiro, xustifican a estrutura de agras con granxas familiares illadas no interior destas, nunha configuración que apenas chega a conformar núcleos.

A calidade visual e paisaxística de moitas destas agregacións rurais depende da permanencia do conxunto edificado de carácter tradicional e da súa integración na paisaxe agraria da súa contorna.



Debuxo barrio na Terra Chá
Fonte: Paisaxe Galega. Guía de boas prácticas nos núcleos rurais

"As casas chairegas están feitas de pedra e lousadas con pizarra, que abunda na comarca.
As casas dos labregos pudentes son cadradas e están lousadas a catro augas. Xeralmente teñen diante un gran curral, pisado con toxo, pola traseira está a horta e mais a aira cos seus palleiros solemnes e panzudos.
O circundo da casa está pechado con valado de pizarra ou con chantos.
As casas dos labregos menos pudentes están, xeralmente cubertas a dúas augas."
(Manuel María. Centro Gallego de Buenos Aires, 1971)



Conxunto de casa-vivenda e anexos en San Vicente de Reigosa, A Pastoriza.
(M. Caamaño *As construccións da arquitectura popular*),
1- Casa vivenda con cortes, alpendre e forno, 2- Palleira, 3- Pataqueiro, 4- Alpendre, 5- Hórreo, 6- Eira, 7- Patio.

A paisaxe rural tradicional recolle do arredor da vivenda toda unha serie de elementos funcionais á vez que simbólicos: alpendres, hórreos, palleiros, pombais,... que identifican a imaxe ambiental do asentamento.

Na **protección dos valores do medio rural** no ámbito da casa existen dous niveis de intervención, un que presta atención á vivenda e á súa contorna, e outro que se refire á propia construción da casa.

2.2.1- Atendendo á contorna da vivenda:

a) Implantación de novas vivendas:

Cando se trate da construción dunha nova vivenda no interior ou proximidade dun asentamento existente, sempre debe ser entendida dentro dunhas pautas xerais que procuren unha implantación territorial ben encaixada, reducindo ao mínimo as interferencias visuais ou de exposición solar sobre as edificacións próximas. Deberanse coidar os seguintes aspectos:

• Evitar romper co perfil do núcleo, buscando unha **implantación** semellante ó resto de vivendas existentes, adaptándose ás pendentes e á topografía, evitando situacións prominentes.

• Manter a referencia de **escala e proporción** respecto da edificación tradicional existente: a necesidade de incorporar un programa funcional cós estándares actuais, con superficies superiores á vivenda tradicional existente, pode resolverse mediante unha adecuada descomposición dun volume único en distintos corpos de edificación que se acheguen mais á escala e volumetría das construcións históricas existentes no lugar.

Vivenda en Coea

• **Orientación e sustentabilidade enerxética**.
Procurar a exposición cara ó sur ou sureste dunha das fachadas da edificación proporciona unha adecuada orientación para aproveitar as vantaxes da enerxía solar pasiva, da que existen bos exemplos na arquitectura popular en forma de corredores, solainas ou galerías. A utilización de maiores superficies de vidro nesa fronte, e unha menor distribución de ocos na cara oposta.

O emprego de vexetación arbórea caduca que proporcione sombra no verán e permita o paso do sol no inverno, contribúe a unha mellor integración da edificación, á vez que incrementa as vantaxes do aproveitamento da enerxía solar.

b) Delimitación do espazo público-privado.
A calidade espacial do rueiro tradicional fundaméntase na estreita relación entre a edificación e os variados espazos públicos que esta delimita.
Unha das circunstancias que máis inciden na integración dunha edificación no medio rural coa súa contorna é a incidencia visual que teñen no conxunto da parcela o acondicionamento dos accesos, que xunto cos muros de delimitación da propiedade caracterizan a imaxe dos asentamentos no medio rural. Polo seu valor, os peches de pedra, característicos da estrutura agraria tradicional favorecen a integración ambiental.
Recoméndase evitar os tipos de pedra alleos ó lugar que produzan contrastes de texturas ou cores, así como os peches de bloque de formigón.

Vivenda en Coea

c) Acondicionamento da parcela edificada
A funcionalidade do espazo baleiro adxacente á casa estivo tradicionalmente relacionada co aproveitamento agropecuario, articulando un conxunto de construcións auxiliares cos que acadaban unha

integración natural na continuidade da paisaxe. Coidarase o axardinamento da parcela, fuxindo de solucións moi elaboradas, utilizando o arboredo co fin de diminuír o impacto da edificación, procurando a utilización de arboredo autóctono.

Vivenda tipo na Terra Chá







2.2.2- Atendendo á propia casa

A tipoloxía tradicional da zona é a de edificación de corpo único, volume sinxelo e pranta rectangular ou cadrada, de muros fortes e grosos sobre os que se erguen dous andares, rematados por unha cuberta na maior parte dos casos a catro augas, e utilizando como material de construción básico o xisto.

a) A cuberta é o elemento máis visible de lonxe dos núcleos rurais, por este motivo calquera elemento discordante provocará un notable impacto visual. A súa configuración xeométrica e cromática vincula a edificación coa paisaxe na que se asenta, empregando materiais e tecnoloxías propias da zona.

Procurarase a relación xeométrica, inclinación de pendentes e aliñación de cumios que caracterizan a área, así como unha adecuada integración cromática e de materiais de acabado.

Utilizarase como material de referencia o xisto.



Manuel Caamaño, *As construcións da arquitectura popular.*

b) Ocos e carpinterías

As dimensións e proporcións dos ocos deberán manter a referencia ás solucións tradicionais, sendo sempre preferible as proporcións cadradas ou rectangular-verticais, subliñando o predominio dos panos cegos de fachada respecto da ocupación total dos ocos. Polo regular evitaranse os ocos de proporción apaisada, aínda que poderán integrarse na formalización dunha nova edificación ou en certas renovacións, a xeito de elementos singulares, procurando o equilibrio da composición no conxunto final dalgunhas das fachadas.

Recoméndase o uso da madeira nas carpinterías, xa sexa na sua cor natural ou pintada nas cores de referencia do lugar en concreto, en harmonía coas tonalidades propias da zona.

Poderanse empregar outros materiais de acabado sempre que sexan nas mesmas cores, evitando, no posible, os materiais de PVC ou plásticos en xeral, que pola súa textura e aparencia son dificilmente asimilables no contexto da edificación tradicional.

Evitaranse as persianas plásticas vistas, sendo recomendable utilizar a solución tradicional de contras interiores.

c) Acabados de fachada e cores

A formalización dos paramentos exteriores con pedra local sempre será unha garantía de integración, empregando a pedra ó xeito tradicional, sen falsos aplacados que simulen diferentes fábricas.

Cando a edificación tradicional era revestida polo exterior, empregando o tradicional enlucido de cal (empregado como protección fronte á humidade pola súa cualidade impermeable, e ao mesmo tempo permitir o paso do vapor de auga e a transpiración das paredes) o resultado era a cor branca en diferentes tonalidades pero sempre moi clara, sobre a que resaltaban os ocos coa cor contrastada das carpinterías.

Convén seguir ese criterio de discreción e sobriedade no emprego da cor, destacando os tons nas carpinterías, evitando as cores alleas ós elementos naturais presentes na paisaxe agraria.

Vivenda encalada na Terra Chá



Hórreo tipo Vilalba
foto e debuxos: Manuel Caamaño, *As construccións da arquitectura popular.*

2.2.3- Nas edificacións adxectivas

Arredor da vivenda sitúanse as construcións adxectivas que lle confiren á casa-vivenda unha independencia e singularidade respecto das situadas na contorna.

-a) O hórreo

O hórreo, denominado cabazo nesta zona, é o de madeira tipo Vilalba, de pranta rectangular alongada, de cámara moi estreita e alta, sobre muretes ou cepa maciza de baixa altura, de mampostería seca sen revocar.

As capelas adoitan ser de xisto, aínda que tamén as hai de cemento. O teito deberá ser de xisto a dúas augas con aresta lonxitudinal e aleiro pouco saínte no lateral, pero moito nun dos seus penais, no que se sitúa a porta, configurando unha pequena galería que é a característica principal dos hórreos desta comarca.

Hórreo tipo Vilalba
foto Chairego

b) Outras edificacións rurais: Os muíños

Os numerosísimos ríos, regueiros e cursos de auga de menor entidade serviron para rega-las leiras, hortas e prados, para dar peixes e para move-los muíños.

Os muíños de auga xorden na idade media (S. XI e XII), pero a súa grande expansión coincide coa do cultivo do cereal, principalmente millo e trigo para obter o gran co que face-lo pan, que se producirá a partires do século XVIII.

Muiño en Bazar

A técnica de muíño máis difundida en Galicia é a do muíño hidráulico, e nesta zona da Terra Chá, case que tódolos muíños tiñan dúas moas.

Os muíños foron unha peza moi importante na economía e no desenvolvemento da vida da aldea e da súa cultura popular. Constituíndo o centro social por excelencia, ó redor destas xuntanzas sociais é onde naceu a muiñeira, o baile tradicional galego por antonomasia.

Na paisaxe da Terra Chá o muíño é un elemento salientable, que cómpre preservar e pór en valor como fito da memoria histórica, cultural e social.



Fonte: Manuel Caamaño, *As construcións da arquitectura popular.*

2.3- BOAS PRÁTICAS NAS CONSTRUCIÓNS INDUSTRIAIS E GANDEIRAS

A modernización das explotacións gandeiras tamén transformará a configuración das antigas granxas familiares, facendo aparecer un novo conxunto de naves de grande tamaño sen que exista ningún tipo de control volumétrico ou de implantación para estas.

A dimensión e número das explotacións gandeiras tradicionalmente proporcional á dispoñibilidade de terreos agrícolas e á capacidade de traballo dos seus titulares creceu notablemente, multiplicándose ó tempo as ampliacións de edificios existentes e tamén o número e tamaño das construcións auxiliares agrícolas (alpendres, silos, almacéns,...)

A integración das construcións agrícolas, entendidas como aquelas vinculadas ó mundo agrario, é un aspecto concreto da nosa paisaxe no que é moi importante incidir tendo en conta as dimensións e ubicuidade do fenómeno. O obxectivo é acadar un deseño funcional adaptado ó carácter paisaxístico da contorna, cunha visión moderna e dinámica da paisaxe, compatible coa súa necesaria evolución, evitando a degradación dos valores tradicionais, salvagardando o patrimonio e conservando a identidade histórico-cultural do territorio.

Para acadar estes obxectivos de integración e boas prácticas deberase prestar atención a:

2.3.1- Elección do emprazamento:

- Buscarase no emprazamento adaptarse á topografía, evitando situacións prominentes ou de grande visibilidade.

- Cómpre valorar sempre a posible rehabilitación dunha nave agrícola existente.

Pequena nave agrícola en Coea

Granxa familiar en Castro de Rei



Situación da edificación en relación ós lindes e eixos existentes

2.3.2-Deseño e construción da edificación agrícola

- Utilizar a **tipoloxía** acorde á predominante na zona.

- **Organizar os conxuntos** edificados segundo eixos con composicións xeométricas claras, segundo eixos e liñas preexistentes, como poden ser vías, liñas de parcela, canais de rego,... adaptando as construcións a estas pautas formais.

-Optar preferentemente por **volumes simples** e proporcións equilibradas, minimizando a presenza de anexos ou engadidos ós volumes principais.

- Coidar o deseño da estrutura, o material e a cor das **cubertas**, especialmente nas localizacións moi visibles.

-Utilizar **materiais que se adapten ó contexto**, priorizando o uso de materiais naturais como a pedra ou a madeira. No caso de utilizar materiais prefabricados convén coidar os acabados para transmitir unha imaxe de calidade, por exemplo cando utilizamos bloque de formigón convén pintalo.
Minimizando o uso de materiais que devalan a paisaxe pola súa cor, brillo... como son o fibrocemento, os plásticos, os metais brillantes,...

2.3.3- Pautas de aplicación cromática:

a) Convén elixir materiais e cores presentes na paisaxe.

b) Son preferibles os tons escuros, xa que os claros agrandan e acercan os volumes.

c) Evitar cores saturadas, discordantes e brillantes que contrastan cos tons matizados e suaves da paisaxe agraria.

d) Limita-lo uso da cor verde, xa que pode destacar pola súa artificialidade.

e) Evitar grandes volumes completamente monocromos, é preferible distinguir o tellado dos paramentos.

Cor inapropiada

Bos exemplos de acabamento en pedra e madeira

Nesta comarca nada canta, senón os paxaros. Os ríos pasan quedos e solemnes: o Fabilus, o Lea, o Anllo, o Támboga, o Azúmara, o pai Miño... O vento que vén do Cantábrico tampouco canta: fai xemer as albres cando agallopa na pranura como un poltro desbocado ou marmulla maino entre a follaxe. Pero non canta.

Francisco Río Barxa
Paisajes de Galicia: La Tierra Llana de Lugo 1955

2.3.4- As construcións auxiliares

As edificacións agrarias adoitan ter asociados aqueles elementos auxiliares necesarios para o seu funcionamento que soen situarse arredor delas: silos, depósitos, fosas,…

Co fin de garantir unha boa imaxe de conxunto é importante:

-Habilitar os **espazos de recepción** amplos e ordenados para crear unha imaxe positiva da explotación, minimizar o uso de pavimentos, optando, se é o caso, por materiais permeables. Tamén convén utilizar recursos vexetais de acompañamento, e coidar o mantemento e limpeza.



- Situar e deseñar **aparcadoiros** de xeito ordenado, previndo áreas de sombra arboradas.



Utilización da vexetación para aportar orde e integración na contorna das instalacións agrícolas.

- Emprazar os **vertedoiros e espazos de almacenaxe** lonxe das vistas principais, coidando o mantemento e a orde, estudando a posibilidade de usar medidas de integración para atenuar o impacto visual: uso de espazos menos visibles, deprimidos, semienterrados, plantación de vexetación, construción de muretes,…

- Utilizar **silos de tamaño e cor unitario** transmite orden.

- Utilización de **valados** cun deseño único e discreto.

- Coidar a **limpeza, orde e mantemento** dos espazos exteriores, retirando aqueles elementos obsoletos e inútiles, e garantindo a continuidade das accións de mantemento das marxes en bo estado.

2.3.5- Uso da vexetación como elemento integrador

A vexetación é un elemento fundamental na configuración das paisaxes agrarias. As formacións boscosas naturais, xunto coas plantacións artificiais de carácter produtivo, constitúen a matriz paisaxística do espazo rural e confírenlle unha parte substancial da súa identidade.

O uso da vexetación para relacionar as construcións agrarias coa paisaxe circundante é unha ferramenta de integración excelente, que contribúe a crear unha imaxe de conxunto estruturada, coherente e de calidade. Consideracións a ter en conta no uso da vexetación:

- Cómpre utilizar patróns habituais da zona e **especies autóctonas**.

- Acompañar os volumes construídos con plantacións vexetais para integrar, non para camuflar.

- Prever **plantacións no límite co viario** para filtrar a visión, outorgando unha imaxe coidada do conxunto.



Utilización da vexetación para ordenar e integrar as edificacións na paisaxe.

Utilización da vexetación como filtro.

2.4- BOAS PRÁCTICAS NOS VALADOS

É de grande importancia na paisaxe a presenza dos valados nas parcelas do agro. As tendencias actuais de peches estandarizados de escasa calidade material e construtiva, que non prestan atención ao contexto no que se insiren, están a modificar a paisaxe agrícola tradicional, supoñendo unha perda de identidade para esta.

O estudo da estrutura da paisaxe agrícola galega permite salientar a importancia das liñas de forza que crean os valados, identificar os tipos existentes, e clasificalos tipoloxicamente segundo as técnicas e materiais cos que tradicionalmente foron construídos.

Paisaxe de agras

Na área comprendida na presente guía abundan nas zonas baixas, as grandes chairas abertas ocupadas polos prados e terreos dedicados á forraxe. Estas agras tiñan tradicionalmente, e mantense en moitos casos, un valado perimetral dividíndose interiormente en leiras abertas.

"O espazo agrícola de Galicia é moi variado. As formas de organización dos cultivos asentados nese espazo maniféstanse en socalcos, campos pechados deslindados por sebes ou cómaros, agras, asociación de terreos de cultivo cercados e divididos interiormente en parcelas abertas, extensas superficies nas que predominan as centeeiras". (Manuel Caamaño, 2003)

Paisaxe en bocage

2.4.1- Tipoloxía de valados

Atopamos na contorna tres tipos de **valados** tradicionais atendendo ao material co que se constrúen, que vai vir definido pola zona xeográfica na que se insiren, e polo seu uso asociado:



Valado tradicional de xisto

a) Valados de pedra

Na comarca de Castro de Rei conviven tres tipos de valos de pedra que son aqueles nos que se dan as maiores singularidades:

Valado tradicional de bloques-topes triangulares

- Os muros construídos con pequenas laxas de xisto unhas enriba doutras, ás veces rexuntadas con arxila; que se van atopar principalmente nas zonas altas da Pastoriza e Castro de Rei.

Valado tradicional de chantos

- Os muros de pequenas laxas de xisto que alternan bloques-topes triangulares ou trapezoidais cravados na terra. Exemplos escasos e singulares de grande interese que cómpre preservar.

- E os muros de chantos uns xunto aos outros. Exemplos abundan nas zonas altas de Lea e Castro de Rei.

Valado tradicional de bloques-topes triangulares

b) Valados mixtos de arame e postes:



Valado tradicional de postes e arame.
Debuxo M. Caamaño

Aínda que o material existente na contorna e a tradición local, ademais do uso ao que se dedica a terra, condicionan dunha maneira fundamental o tipo de valado utilizado, atopamos que aqueles tipos máis elementais e sinxelos son amplamente utilizados, ben sexa por economía de medios ou polo seu carácter de provisionalidade.

Empréganse como valados nas agras as tipoloxías construídas con estacas de calquera tipo e arame, engadindo ao arame un cable pastor cando se trata de peches gandeiros.

Son peches utilizados para confinar o gando, peches sinxelos ben integrados na paisaxe, que atopamos principalmente en zonas baixas e ladeiras.

Valado tradicional de postes e arame

c) Os valados formados por elementos vexetais abundan tamén en todo o territorio, empregados fundamentalmente como peches de pastos. Nunha grande maioría son peches antigos, algúns deles coinciden con camiños ou canles de rego.

- É amplamente extendido o uso de sebes vivas, ordinariamente salgueiros con silvas, que continúan no propio terreo. Poden formarse só con vexetación ou con terra acumulada formando un pequeno noiro nos paramentos laterais, nalgúns casos reforzado interiormente con anacos de pedra. Normalmente, no campo, as especies empregadas son o salgueiro, a silveira ou a xesta e na casa o buxo. Na paisaxe rural das agras, formado por pradeiras rodeadas de sebes, estas garanten unha función de fronteira e de retención das augas de escorrentía. Hoxe en día, na casa, tamén está moi estendido o uso de cupresáceas.

Canles utilizadas como límites de propiedade

- Un sistema de valados construídos con terróns, ás veces, con forma prismática e coroados con vexetación foi utilizado desde antigo na Terra Chá, así como a asociación de vexetación e regos como elementos delimitadores dos prados, moi característico desta zona, e amplamente visible nas zonas de agras.



Valados de terra

Valado tradicional de postes e arame

2.4.2- Tendencias actuais e obxectivos de calidade

Identificados os valores e as características dos valados construídos tradicionalmente na paisaxe da comarca, cómpre ser conscientes das tendencias actuais e definir uns obxectivos mínimos de calidade paisaxística que permitan preservar este patrimonio paisaxístico e cultural.

A construción de novos peches executados con materiais e formas diversas, alleos á simplicidade construtiva, á elemental composición e á relación coa paisaxe na que se implantan, supón unha evidente perda da calidade ambiental do territorio e da pasaixe agrícola.

Conscientes da dificultade actual para construír determinados tipos de valados, semellantes aos feitos á man segundo a tradición local, proponse unha serie de alternativas de calidade que se integran perfectamente na paisaxe rural.

Valado de chantos

-Clasificados segundo as tipoloxías descritas, intégranse harmoniosamente na pasiaxe os seguintes exemplos:

a) Valados formados por elementos vexetais como: silveiras, sebes, ligustro, xestas,,... Estas redes de sebes vivas forman valiosas corredoiras ecolóxicas, e supoñen unha importante reserva natural de flora autóctona, o que se traduce nun alto valor medioambiental como elemento de conservación da diversidade de especies vexetais e animais.

Valado vexetal

Moitas especies de aves, micromamíferos, réptiles e insectos empregan estas corredoiras ecolóxicas para alimentarse, criar e conseguir protección. No mesmo senso, os froitos e follas que caen ó chan convértense fonte de alimento e protección para un grande abano de invertebrados, fungos e bacterias.

Valado de chantos con árbores intercalados

Nas sebes adoitan aparecer exemplares arbóreos de *Quercus*, freixos, castiñeiros, bidueiros, amieiros e salgueiros, mesturados con masas de xestas, toxos, silveiras, aligustre, estripo, abruñeiro... entre outras.

Valado de Sebe

Valado de poste e arame

b) Valados mixtos

Construídos con estacas de madeira, pedra, metálicos ou incluso de formigón con seccións máximas de 8x8cm, e arame. Este tipo de valados están ampla-mente estendidos por todo o territorio do país como valados de agras ou gandeiros.

Son valos sinxelos, transparentes, e silenciosos que amosan un gran respecto polo contorno no que se insiren.

c) Valados de pedra, lousa ou chanzos

Nas áreas onde tradicionalmente se empregaban os chanzos de xisto poderían construírse, como alterna-tiva a estes valos tradicionais, pezas de aceiro corten ou ferro a modo de chanzos, obtendo un peche de características similares cunha cor acorde ao medio natural.

Valado de chantos e pastor eléctrico

Estas e outras alternativas poderán empregarse aten-dendo ás particularidades paisaxísticas descritas nes-ta guía, sempre que sexan respectuosas coa paisaxe na que se insiren, en canto a material, dimensións e cor.

Valado de pequenas laxas de xisto

3- DECÁLOGO DE BOAS PRÁCTICAS PAISAXÍSTICAS

DECÁLOGO DE BOAS PRÁCTICAS NA PAISAXE

1- O uso da vexetación acompañando os **camiños** aporta sombra ó paseante e contribúe á sua integración na paisaxe circundante.

2- Coidar o mantemento dos bordos dos **camiños** e cruzamentos.

3- **Na casa** coidarase a elección do material de construción, priorizando o uso de xisto e lousa.

4- Cando **a vivenda** vai ser pintada usaranse cores en harmonía coas tonalidades propias da zona e presentes nas vivendas tradicionais existentes.

5- Manteranse en bo estado os elementos auxiliares: **horreos, palleiros, muíños.**

6- Cómpre manter limpos e ordenados os **accesos ás parcelas,** integrando a vexetación e axardinamento nestes puntos de contacto co camiño.

7- Na construción das **naves agrícolas e gandeiras** coidarase o material de acabamento, recoméndase pedra, ou madeira, pero se se utiliza o bloque de formigón, pintarase con cores acordes ó medio.

8- Emprazar os lugares de **vertedoiro e almacenaxe** en zonas afastadas das vistas e protexidos por valos ou sebes

9- Recoméndanse os **valados** de pedra propia do lugar (xisto ou chanzos), ou sebes na contorna das edificacións, no límite co viario.

10- A **vexetación** recomendada será prioritariamente autóctona, que é a mellor adaptada ó territorio.

Hórreo e palleira en Coea

SONETO Á TERRA CHÁ

Dende a atalaia que é o seu Outeiro
que do Rei din, olla a sobria chaira
e coa súa ollada tan lizgaira
madia leva! chairego é o primeiro.

dunha Terra sen fin é seareiro
e négalle a mirada sempre ó monte
para el toda a chá é horizonte,
mais do segredo el sabe o vieiro.

Do seu fértil maxín deita unha fonte
no líquido amniótico ten veta
e musa da súa alma é Saleta.

A súa paixón é a Chaira noite e día
e o seu nome resoa hoxe e onte
sinxelamente así: Manuel María.

Xosé Chao Rego

4- ANEXOS

4.1- ANEXO 1. VEXETACIÓN

A vexetación característica da zona é a vexetación de ribeira, que foi intensamente transformada nalgunhas zonas pola actividade humana, en boa medida polo descoñecemento da súa valía para o territorio.

Resulta pois, fundamental adoptar as medidas necesaria para a recuperación desta vexetación ripícola nas ribeiras das canles.

Estes bosques ripícolas están formados basicamente por bidueiros e salgueiros que conectan con carballeiras e algúns pequenos soutos. E veñen a desempeñar multiples funcións, entre as que destacamos:

- A regulación do microclima.
- Aseguran a estabilidade das beiras.
- Actúan como filtro fronte á entrada de sedimentos e substancias contaminantes na canle, retendo ademais auga no terreo.
- Son fonte de alimento e hábitat para especies animais e vexetais, regulando o crecemento de macrófitas.
- Posúen un gran valor paisaxístico, recreativo e cultural.

ESPECIES RECOMENDADAS NA COMARCA:

4.1.1- ÁRBORES:

BIDUEIRO (*Bétula berrucosa*)

SALGUEIRO (*Salix salviaerofolia)*



CARBALLO (*Quercus robur*)

CASTIÑEIRO (*Castanea sativa*)

SOBREIRA (*Quercus suber*)

PRADAIROS (*Acer pseudoplatanus*)

CHOPOS (*Populus nigra*)

ÁRBORES FROITEIRAS NA CONTORNA DA CASA

As árbores froiteiras acompañaron tradicionalmente á vivenda rural, e constitúen unha interesante ferramenta de integración da eira na paisaxe circundante.

4.1.2- VEXETACIÓN ARBUSTIVA

PIORNO (*Cytisus albus C. lusitanicus)*

XESTA (*Cytisus sarotamus Escoparius*)

CARQUEIXA (*Paterospartium tridentatum*)

TOXO (*Ulex*)

ALBEDRO *(Arbutus unedo)*

SILVA *(Rubus fruticosus)* nos valados de sebes

BUXO *(Buxus sempervirens)* nos valados de sebes na contorna da casa

4.2- ANEXO 2. MATERIAIS DE CONSTRUCIÓN

MATERIAIS

A salvagarda e valorización do medio rural vén fortemente condicionada polo tipo de materiais utiliados na súa construción, e a súa integración na paisaxe agraria.

Como vemos nesta guía, os materiais propios do lugar, a pedra e a madeira foron utilizados con éxito ó longo dos séculos, e seguen a ser os materiais mellor adaptados a este medio.

Deberanse utilizar materiais adaptados ó ambiente, saudables e biocompatibles, cara a conseguir a sostibilidade do medio.

4.2.1- Pavimentos exteriores:

Reducirase ó mínimo a superficie pavimentada no interior das parcelas, utilizándose sempre que sexa posible materiais permeables (grava, xaibro ou terra estabilizada), ou aqueles que permiten o crecemento da herba nos seus ocos.

4.2.2- Materiais de construción nas edificacións

A simplicidade e a sobriedade, e a utilización dun número reducido de materiais serán sempre criterios acertados á hora de intervir no medio rural.

- Materiais de cuberta

Na comarca de Castro de Rei a cobertura tradicional nas edificacións é a **lousa**, característica da arquitectura da zona, e da imaxe rural da contorna.

Sendo a cuberta un dos elementos máis visibles dende lonxe, cómpre coidar a súa xeometría e materialidade. No caso de utilizar materiais contemporáneos estos deberán ter una cor e textura acorde ás arquitecturas propias do lugar.

- **A pedra de xisto** é o material básico de construción da zona, material integrador e propio da comarca, mais non ten por que ser a única solución axeitada.

- Revestimento de cal

Cando se reviste a pedra, cómpre facelo con **cal hidráulico**, e pinturas minerais de silicatos, ou con base de auga, en cores brancas.

- A madeira é un elemento tradicional e amplamente utilizado no ámbito rural, tanto no revestimento como nas carpinterías ou valos. Ó natural protexida con aceites ou ceras naturais, ou pintada.
Cómpre utilizar sempre madeira con certificación da súa orixe.

4.3- ANEXO 3. LIGAZÓNS DE INTERESE

CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE
http://www.cmati.xunta.es

CONVENIO EUROPEO DA PAISAXE
http://www.magrama.gob.es/en/desarrollo-rural/temas/desarrollo-territorial/convenio.aspx

LEI DO SOLO DE GALICIA
http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/

ESTRATEXIA DA PAISAXE
(consellería Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras)
http://www.cmati.xunta.es/seccion-organizacion/c/Instituto_Estudos_Territorio

AXUDAS E SUBVENCIONS
http://www.xunta.es/buscador-canle-axudas

ESCOLA GALEGA DA PAISAXE
http://www.escolagalegadapaisaxe.org/ga/

Perfil azul
da chaira.

Lonxanía da luz
pousada no máis alto
das terras.

Fino horizonte
que o ar acende
de frescura.

Miguel Anxo Fernán Vello

5- BIBLIOGRAFÍA DE REFERENCIA

- AA.VV. (2011) Cornwall landscape caracter. Best practice guide. Cornwall Council.

- AA.VV. (2012) Acondicionamiento paisajístico de los accesos a pequeñas poblaciones. Centro de Estudios Paisaje y Territorio. Consejería de Fomento y vivienda. Junta de Andalucía

- BALLESTEROS ARIAS, P., Blanco Rotea, R. (2009) Aldeas y espacios agrarios altomedievales en Galicia. Documentos de Arqueología e Historia, pp. 115-135. Bilbao

- BAS GOMEZ, B. (1983) As construccións populares: un tema de etnografía en Galicia. Cuadernos do seminario de Sargadelos, nº 44. Ed. O Castro. Sada.

- BOUHIER, ABEL. (1979) La Galice. Essai geografique d'anlyse et d'interpretation d'un vieux complexe agraire. Université de Poitiers, La Roche-Sur-Yon, Francia.

- CAAMAÑO SUÁREZ, M. (2003). As construccións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia. Consello Galego de colexios de Aparelladores e Arquitectos técnicos.

- CRECENTE MASEDA, J. M, y R. (2005) Poblados de colonización da Terra Chá. En Proyecto de puesta en valor de los poblados de colonización de A Terra Chá en la provincia de Lugo.

- DE LLANO, P. (1996) Arquitectura Popular en Galicia: Razón e construcción. Comisión de cultura do COAG

- DÍAZ FIERROS, F, CASTELAO, A. (1991). Os solos da Terra Chá. Deputación de Lugo.

- FARIÑA TOJO, J. (1980). Los asentamientos rurales en Galicia. Instituto de Estudios de Administración Local. Madrid

- FERNANDEZ TEIXEIRO, M. M. (2003). A Terra Chá. Poesía e Paisaxe. Discurso de ingreso na Real Academia Galega.

- GONZALEZ-CEBRIAN J, FERREIRA VILLAR, M. (2013) Guía de buenas prácticas para la intervención en los núcleos rurales. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras. Xunta de Galicia

- LÓPEZ POMBO, L. (1999). Castro de Rei. Deputacion Provincial de Lugo

- LORENZO, XAQUÍN (1982) A Terra. Biblioteca básica da Cultura Galega. Ed. Galaxia. Vigo.

- MARTINEZ RODRIGUEZ, I. (1975). El hórreo gallego. Estudio geográfico. Instituto Nacional de Investigaciones Geográficas. Fundación Pedro Barrié de la Maza. Montevideo

- OTERO PEDRAIO, R. (1926/80) Guía de Galicia. Galaxia

- PÉREZ ALBERTI, A. (1986). El relieve. En Torre Luna, M. P. Geografía de Galicia. Volumen I: El medio físico. Xuntanza Editorial. A Coruña.

- UNESCO (1997). Convention concerning the protection of the world cultural and natural heritage.

GRUPO DE INVESTIGACIÓN
DA ESCOLA GALEGA DA PAISAXE,
FUNDACIÓN JUANA DE VEGA

Dirección:
Isabel Aguirre de Urcola

Redacción:
Mercedes Máquez Roel
OUTUBRO 2015

Edición:
FUNDACIÓN JUANA DE VEGA

ISBN: 978-84-608-7264-1

Depósito Legal: C 723-2016

Fundación
BLAS DA
PONTE DE OUTEIRO

Escola Galega da Paisaxe
Juana de Vega

El

Fundación
BLAS DA
PONTE DE OUTEIRO

Fundación
Juana de Vega